

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Boborás para a execución das obras do proxecto de renovación das redes de abastecemento, saneamento e pluviais na travesía de Brués. Boborás (Ourense)

1 Antecedentes

As redes municipais de abastecemento e saneamento no entorno da N-541, no núcleo de Brués, Concello de Boborás, teñen máis de 50 anos de antigüidade, presentando numerosas deficiencias derivadas do vencemento da súa vida útil. Isto tradúcese na existencia de fugas e perdas de auga e filtracións que derivan en ineficiencias no uso da auga e en problemas de salubridade.

Ademais, practicamente non existe rede de pluviais, polo que as entradas de auga de chuvia nos colectores está dificultando a depuración das augas residuais.

O concello ten solicitado á Xunta de Galicia apoio para poder solucionar os problemas de abastecemento no prazo de tempo máis breve posible.

2. Obxectivos que se pretenden

Preténdese construír un novo tramo de rede de augas pluviais e renovar as instalacións vinculados á auga na travesía da estrada nacional N-541 ao seu paso polo núcleo de Brués, no concello de Boborás.

Así, é obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Boborás que permitan ao concello acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para a renovación das redes de abastecemento, saneamento e pluviais na travesía de Brués. Boborás (Ourense), a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento e o saneamento ten por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación; e contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o



cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento e saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

4 Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a trescentos oitenta e cinco mil euros (385.000 €). Augas de Galicia financiará o 80% do importe total final da actuación ata un máximo de trescentos oito mil euros (308.000 €) con cargo á conta 6566 “Subvencións de capital a corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

2021: 77.000 €

2022: 231.000 €





A estrutura das cláusulas do convenio é a seguinte: Primeira.- Obxecto; Segunda.- Obrigas das partes; Terceira.- Réxime de financiamento; Cuarta.- Libramento dos fondos e réxime de xustificación; Quinta.- Titularidade das obras; Sexta.- Relación laboral; Sétima.- Comisión de seguimento; Oitava.- Natureza do convenio; Novena.- Vixencia do convenio; Décima.- Modificación do convenio; Undécima.- Extinción do convenio; Duodécima.- Protección de datos de carácter persoal; Décimo terceira.- Publicidade.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(documento asinado dixitalmente)